

A EXPANSIÓN IMPERIALISTA (1.870-1.914)

1.- DO COLONIALISMO Ó IMPERIALISMO.

A segunda fase da industrialización creou novas necesidades: abastecemento masivo de materias primas, mercados exclusivos onde vender as manufacturas e onde investir os capitais que a propia industria foi xerando, etc., e isto explica por que as potencias industriais emprenderon agora unha política de expansión a gran escala que trouxo como consecuencia o reparto do mundo entre os países máis poderosos.

O expansionismo europeo non era un fenómeno novo, pero os historiadores diferencian entre o vello colonialismo e o Imperialismo contemporáneo, e subliñan que este se caracteriza por unha presenza moito máis intensa das metrópoles nas colonias, debida a esas novas necesidades creadas pola Revolución Industrial: materias primas, mercados exclusivos, investimentos, etc.

⇒ Conceptos:

- **Colonialismo:** Proceso iniciado cara 1.500 coa conquista e explotación polos europeos (España, Francia, Inglaterra, Países baixos e Portugal) de territorios en América, Asia e África. O obxectivo era a extracción de produtos exóticos, compañías de navegación e monopolios comerciais.
- **Imperialismo:** A finais do século XIX e atendendo ás necesidades creadas pola II Revolución Industrial os países occidentais se expandiron por todo o mundo nun proceso coñecido como Imperialismo. Ó período comprendido entre **1870 e 1914** denomínase por antonomasia **época do imperialismo**, pois nel as potencias europeas Gran Bretaña, Francia, Alemaña e Italia, máis Estados Unidos e Xapón, lánzanse á **conquista dos chamados "espazos baleiros de poder"**, situados en África e Asia. As principais potencias europeas repártense unha cuarta parte da superficie do plante. Nacen así os **grandes Imperios coloniais** e as colonias convertíranse en mercados tanto para a venda dos produtos industriais da metrópole, como para a obtención de materias primas imprescindibles para a súa industria. Pero tamén existiron outras causas, tanto de tipo político (desexo de ampliar o territorio, de controlar as rutas marítimas ou de recalcar o prestixio nacional), demográficas (colocar á poboación excedente) coma científico (interés por novos descubrimentos, exploración de terras inhóspitas, etc.)

2.- CAUSAS DO IMPERIALISMO.

- **Económicas:** o sistema capitalista na II Revolución Industrial atopa:
 - Áreas de investimento para os grupos financeiros
 - Materias primas: petróleo de Oriente Medio, o caucho do Congo ou Asia, metais, diamantes e ouro de Sudáfrica, cacao, café, té, tabaco, azucre, algodón, ...
 - Man de obra barata
 - Mercados exclusivos para a industria: a superproducción favorece a política proteccionista.

- **Políticas:** debido ó antagonismo e enfrontamento entre as potencias:
 - Procura de prestixio (p.ex: caso francés tras a derrota de 1871 contra Alemaña)
 - Interés estratéxico (P.ex: Gran Bretaña)

- **Demográficas:** A revolución demográfica do S XIX fixo que a poboación europea aumentara como nunca antes o fixera. Entre 1.850 e 1.914 uns 40 millóns de europeos emigraron, fundamentalmente cara América, África ou Australia.


- **Ideolóxicas e morais:** máis que causas, argumentos xustificadores:
 - Misión civilizadora: Superioridade do home branco e a civilización occidental
 - Espíritu de aventuras: Livingston e Stanley, p.ex.
 - Evanxelización: a propagación da fe cristiana.

- **Avances tecnolóxicos:** Superiodidade tecnolóxica e militar occidental.
 - Navegación: vapor, cascos de ferro, hélice,...
 - Armamento: ametralladora, fusiles,...
 - Construcción: obras complexas coma os canais de Suez e Panamá.
 - Médicos, como a quinina contra o paludismo.




THE WHITE MAN'S BURDEN. - The East's Hope, Chicago.

3.- O REPARTIMENTO DO MUNDO.



⇒ **ÁFRICA.** Continente que pasou de ser ocupado só nalgúns enclaves estratéxicos na costa en 1.880 a estar totalmente ocupado polas potencias europeas en 1.914 (excepto Liberia e Etiopía, independentes). Tres ríos son claves na colonización africana: Nilo, Níxer e Congo.



○

- **A conferencia de Berlín (1.884 - 85):** convocada ante o conflito anglo-francés polo canal de Suez (1.869) ó ocupar aqueles Exipto en 1.882, catorce Estados foron representados: Imperio Alemán, Imperio Austrohúngaro, Bélxica, Dinamarca, Imperio Otomano, España, Estados Unidos, Francia, Reino Unido, Italia, Países Baixos, Portugal, Rusia e Suecia. O obxectivo era regular o reparto de África:
 - A posesión da costa daba dereito a ocupar as terras do interior.
 - Os ríos Níxer e Congo eran de libre navegación.
 - Recoñécese a existencia do estado do Congo belga
 - A partires desta data, os países europeos lánzanse a ocupar África, de tal xeito que só tres países conservaron a súa independencia: Liberia, Congo e Etiopía.
- Dous proxectos coloniais máis importantes:



- **Gran Bretaña:** Plan “Do Cabo ó Cairo”, é decir, unir África de Norte a Sur mediante un ferrocarril.
 - África Oriental (Exipto, Sudán, Uganda, Kenia,...)
 - África do Sur (Unión Sudafricana, Bechuanalandia, Rhodesia,...)
 - Golfo de Guinea: Nixeria, Serra Leoa, Gambia,...
- **Francia:** obxectivo de unir África de Leste a Oeste
 - África do Norte: Alxeria, Tunicia, Marrocos
 - África ecuatorial e occidental (actuais Chad, Níxer, Mali, Mauritania, Senegal, Guinea, Togo, Costa de Marfil, Gabón, ...)
 - Madagascar.
- **Outros países** e posesións.
 - Bélxica (Leopoldo II): Congo belga.
 - Portugal: Angola e Mozambique.
 - Alemaña: Camerún, a África Suroccidental e oriental alemanas.
 - España: N de Marrocos,, Río de Ouro e Guinea.
 - Italia: Libia, Eritrea e Somalia.

⇒ A OCUPACIÓN DE ASIA.



Participación non só das potencias europeas, senon tamén de Rusia, EE.UU. e Xapón, cunha chea de rivalidades e conflitos.

- Gran Bretaña: India, Birmania, Malaisia, Singapur, Costas península Arábiga (Qatar, Omán, Adén,...)
- Francia: Indochina (Camboxa, Conchinchina, Laos, Anam, Tonquín)
- Expansionismo xaponés. A era Meixí (1867-1912) supón en xapón a abolición do feudalismo e o inicio da modernización. O seu expansionismo cara ó continente asiático supoñen un nfrontamento directo cos intereses de Rusia(guerra en 1905: Corea e Manchuria) e China (guerra en 1894-95: Formosa)

⇒ O IMPERIALISMO DOS EE.UU.

- A “Conquista do Oeste” por parte de inmigrantes europeos (máis de 55 millóns de persoas emigraron a EE.UU. durante o S XIX procedentes dos máis diversos lugares do planeta)
- 1.867: compra de Alaska a Rusia
- Pacífico: Hawaii (1.898) e Illas de Guam e Filipinas arrincadas a españa en 1.898.
- Doutrina Monroe: o país podía e debía intervir en calquera país do mundo para preservar os seus intereses, sobre todo na súa zona de influencia natural (América do Sur e central, xunto co Caribe)

3.- GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DAS COLONIAS.

⇒ **Enclaves estratégicos.** Gran Bretaña dispoñía de moitos deles:

- Mediterráneo: Malta, Xibraltar
- Ruta da India: Cape Town, Adén, Ceilán
- Ruta da China: Singapore, Hong Kong

⇒ **Tipos de colonias:**

- **De poboamento ou Dominios:** absorbían o excedente demográfico europeo: Australia, Nova Zelandia, Sudáfrica, Canadá. Gozaban dun amplo autogoberno
- **De explotación:** abastece de materias primas e mercados á metrópole. O exemplo máis claro son as colonias africanas e a India (A Xoia da Coroa), proveedora de algodón e mercado a industria textil británica. Administrada desde 1.777 pola Compañía das Indias Orientais, pasa directamente a depender directamente do goberno en 1.857 a causa do “motín dos sipaios”.
- **Protectorados:** cun goberno indíxena, na práctica a metrópole formaba un goberno paralelo, que en realidade era o dominante. É o caso do Norte de África (Marrocos, Tunicia, Exipto)e Sudeste asiático (Annam, Camboia)
- **Colonias de administración directa (Departamentos):** Sistema do imperialismo francés en lugares coma Alxeria, Senegal, Conchinchina,... Nelas, os colonos de orixe europea participaba no sistema político da metrópole. A colonia estaba admnistrada por un gobernador.

7.- CONSECUENCIAS DO IMPERIALISMO.

⇒ **“Europeización” do mundo.**

⇒ **Económicas:**

- Explotación exhaustiva das colonias mediante a apropiación de terras, moitas das cales pasaron a mans de grandes compañías estranxeiras que se fixeron donas dos seus recursos naturais (caucho, azucre, café, froitas, minerais, petróleo, etc.), explotación da poboación indíxena que traballaba nos labores máis duros, en condicións penosas, con salarios de miseria, ou aínda gratuitamente, etc.
- Máis grave aínda foi a orientación da economía colonial en beneficio da metrópole, que tería consecuencias catastróficas para as colonias: monopolio das materias primas, freo ao establecemento de industrias para evitar a competencia, orientación da produción en función das necesidades da metrópole e dos intereses de mercado, e non da colonia, etc. Isto último explica a paradoxa de que países con terras moi fértiles sofren o fame por dedicar as terras a cultivos de mercado, como café ou azucre, en lugar de producir de alimentos. Estas circunstancias explican o prolongado subdesenvolvemento da maior parte das antigas colonias.

⇒ **Demográficas:**

- As primeiras victorias contra as enfermidades tropicais, como paludismo (malaria), lepra, etc., construíronse hospitais e comezáronse a aplicar as innovacións da medicina occidental, que permitiron reducir a mortalidade.
- Con todo, ao non poñer en marcha simultaneamente medidas de educación e planificación familiar para controlar a natalidade, a curto prazo provocáronse problemas de sobrepoboación que se fixeron máis graves co paso dos anos.

⇒ **Sociais:**

- Ruptura das estruturas tribais: Fondas transformacións e brusco impacto da cultura e civilizacións occidentais nos pobos indíxenas.
- A frecuencia do fenómeno da segregación racial, o mantemento dos indíxenas en empregos inferiores, das súas vivendas en barrios marxinais, etc.

⇒ **Políticas:**

- “Balcanización”: as fronteiras non respectan o mapa étnico, roto polo dominio dos europeos.

⇒ **Culturais:**

- Desenvolvemento do ensino, do que se beneficiaron as elites indíxenas cuxos fillos puideron cursar estudos nas universidades das súas respectivas metrópoles.
- Impacto a nivel cultural non foi menos importante: a imposición da cultura occidental, a dos vencedores, fixo perder a identidade das culturas indíxenas, perturbou as súas crenzas e tradicións, desprazou as súas linguas, etc. O drama da aculturación explica que os movementos nacionalistas das antigas colonias presenten a recuperación das culturas indíxenas como bandeira da descolonización.